



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfnos: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baixo - O Pino
32001 OURENSE



PREMIO R.G.D. A LA PREVENCIÓN DE
LOS ACCIDENTES DEPORTIVOS 2004



DEPORTE
GALEGO



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral para o Deporte

Comunicado nº 036/10 11 de marzo de 2010

□ ÁMBITO COMPETENCIAL DE GALICIA.

O ámbito competencial, en materia deportiva en Galicia, é en exclusiva da Xunta de Galicia, é por delegación da Federación Galega de Automobilismo. En base ó Estatuto de Autonomía de Galicia, no seu artigo 27.22, e da Lei Xeral do Deporte de Galicia 11/1997, de 22 de agosto, e facendo fincapé nas resolucións RN 45/09 e RN48/09, do Comité Galego de Xustiza Deportiva.

Por tódolo exposto, infórmase de novo ós afiliados á Federación Galega de Automobilismo, que **coa licenza expedida pola Federación Galega de Automobilismo pódese participar en tódalas probas a celebrar en Galicia de ámbito Internacional, Nacional ou Autonómico.**

Dita aclaración faise, a consultas dos nosos asociados, para que poidan ter amparo legal ante calquera negativa de admisión de participación na Galicia.

□ KARTING.

Ante o temporal de neve que tivemos nesta semana, na fronteira da Junquera, imposibilitando o paso do transporte de camións, vémonos na obriga de aprazar, sine die, a primeira proba de karting, calendada para os días 13 e 14 de marzo de 2010, pola falla de prover pneumáticos e motores ós participantes.

□ ADESTRAMENTOS LIBRES.

Ante a consulta dos pilotos, sobre a cobertura dos seguros de danos propios (licencias), das diferentes federacións; o departamento de seguros da Federación Galega de Automobilismo informa que as licencias aseguradas na “Mutualidad General Deportiva”, cobren os 365 días do ano sempre que sexa en actividade deportiva de automobilismo oficial, adestramentos oficiais ou privados, incluíndo os test. Os seguros contratados con entidades privadas, por outras federacións, non cobren a totalidade da anualidade, e só cobren en probas ou adestramentos oficiais aprobados ó efecto (con cadro de oficiais, permiso federativo, e demais normativa de aplicación), excluindo os adestramentos privados organizados por entidades de Autocross, ó marxe das citadas Federacións Españolas.

Asimesmo é de subliñar que o seguro da “Mutualidad General Deportiva”, ten asistencia médico-sanitaria ilimitada, e as compañías privadas dous anos, sendo o resto con cargo ó piloto, ou representante legal, estando en total desvantaxe co contratado pola Federación Galega de Automobilismo.

□ RALLYE DO COCIDO 2010.

Crease unha nova ferramenta, na especialidade de rallyes, co programa de control de tempos de Tag-Heuer/Vola Timing (versión 10B (c) Soft Control 1/4), o cal permitirá subilos tempos a páxina web “www.temposfga.es”, en tempo real, con penalizacións por sección, así como diferentes novidades que se irán engadindo (histórico de tempos por piloto en cada treito, remesa de premios).